



47 DUMBRÍA

CÓDIGO CONCELLO






47 DUMBRÍA

CÓDIGO CONCELLO

Código NOME

47_001	PONTE DO ÉZARO
47_002	CASA DO PASEO DE ÉZARO
47_003	CENTRAL HIDROELÉCTRICA DO PINDO
47_004	CENTRAL HIDROELÉCTRICA DE CASTRELO

CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
FICHA	PHA_87
ARQUITECTÓNICO TIPO	CIVIL SUBTIPO
ELEMENTO	PONTE
NIVEL DE PROTECCIÓN	AMBIENTAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	ACEPTABLE
USOS ORIXINAIS	DOTACIONAL
DETALLADO	INFRAESTRUTURAS COMUNICACIÓN

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación.

AUTORIZABLES

Cómpre preservar o arco estrutural, os estribos de cantería e o seu valor histórico-memorial. Recoméndase conservación preventiva, control de drenaxes e consolidación puntual.

POSTA EN VALOR

47_001
CÓDIGO INVENTARIO

PONTE DO ÉZARO
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	COSTA DA MORTE
CONCELLO	DUMBRÍA
SECTOR COSTEIRO	SEO DE CORCUBIÓN
UNIDADE DE PAISAXE	ESTEIRO DO XALLAS
PARROQUIA	O ÉZARO (SANTA UXÍA)
NÚCLEO / LUGAR	RÍO DO BARCO
REFERENCIA CATASTRAL	15034A03009202
ZONA	DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
COORDENADAS	X: 489745,00 Y: 4750310,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Infraestrutura viaria de arco de formigón armado destinada á comunicación rodada sobre o tramo final do río Xallas, onde este desemboca. A súa construción xorde tras o accidente de 1902, no que faleceron 23 persoas ao envorcar a barca empregada para o paso, e foi inaugurada en setembro de 1951. Presenta estribos de cantería granítica asentados sobre cimentacións profundas de máis de 25 m, con taboleiro recto e arco central de medio punto. Empréganse formigón armado vertido in situ e acero estrutural en beirís e reforzos. A configuración é sinxela, dunha soa luz, adaptada á morfoloxía do val rochoso. O estado de conservación é aceptable, con erosión superficial, carbonatación e lixiviacións localizadas, sen afección estrutural relevante.

DESCRIPCIÓN

Ponte de arco único en formigón armado e estribos de cantería granítica. Unha planta lineal, taboleiro horizontal. Fachadas en formigón visto con pátina natural. Elementos singulares: arco central e cimentacións profundas.

EDIFICACIÓN

Parcela lineal en conexión coa estrada local e delimitada por rocha granítica e vexetación de ribeira. Uso dotacional viario. Relación directa coa infraestrutura principal e coa transición fluvial-mareal do Ézaro.

PARCELA

Entorno natural de grande valor paisaxístico. Topografía abrupta e arborado autóctono. Bo grao de integración visual. Accesibilidade rodada. Sen impactos urbanos relevantes nin distorsión volumétrica.

ENTORNO

Destaca polo valor histórico vinculado ao suceso de 1902 e pola súa función social como vía segura de comunicación. Representa a enxeñaría pública de posguerra e o encontro simbólico entre o río e o océano.

VALORES




DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
FICHA	PHA_76
ARQUITECTÓNICO TIPO	CIVIL SUBTIPO
ELEMENTO	CASA
NIVEL DE PROTECCIÓN	ESTRUTURAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	ÓPTIMO
USOS ORIXINAIS	
GLOBAL	RESIDENCIAL
DETALLADO	RESIDENCIAL UNIFAMILIAR

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Deben poñerse en valor a cantería granítica orixinal, a volumetría tradicional e o balcón corrido. Recomendáanse actuacións de mantemento e conservación preventiva.

POSTA EN VALOR

47_002
CÓDIGO INVENTARIO

CASA DO PASEO DE ÉZARO
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	COSTA DA MORTE
CONCELLO	DUMBRÍA
SECTOR COSTEIRO	SEO DE CORCUBIÓN
UNIDADE DE PAISAXE	ESTEIRO DO XALLAS
PARROQUIA	O ÉZARO (SANTA UXÍA)
NÚCLEO / LUGAR	RÍO DO BARCO
REFERENCIA CATASTRAL	9707702MH8590N
ZONA	DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
COORDENADAS	X: 489620,00 Y: 4750606,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Edificación de tipoloxía tradicional en cantería granítica, de planta rectangular e dúas alturas sobre rasante, con cuberta a dúas augas de tella cerámica curva. A estrutura portante execútase con muros de carga de perpiaño granítico e forxados de madeira. O volume principal complétase cun balcón corrido de madeira e ferro fundido na fachada sur. O inmoble, datado arredor de 1945, foi reformado e adaptado para uso dotacional como Centro de Interpretación do Monte Pindo e Ferverza do Ézaro. O aparello pétreo mostra bo estado de conservación, con lixeiras alteracións cromáticas e pequenas erosións superficiais estruturais nin humidades activas.

DESCRIPCIÓN

Volume prismático de dúas plantas, proporcións compactas e cuberta a dúas augas de tella. Fachada en cachotaría granítica vista, carpinterías de madeira pintada e varanda metálica. Estructura de muros portantes de granito.

EDIFICACIÓN

Parcela de configuración rectangular, aliñada ao viario e aberta cara ao litoral. Uso dotacional público con conexión directa ao paseo marítimo. Delimitación mediante pavimento pétreo continuo e rampla accesible lateral.

PARCELA

Entorno urbano consolidado de carácter costeiro, cunha imaxe harmónica e accesibilidade peonil. Integración arquitectónica co tecido tradicional e ausencia de elementos deturpadores. Entorno paisaxístico de alto valor natural.

ENTORNO

O inmoble posúe valor ambiental e arquitectónico pola súa integración co contexto histórico e paisaxístico. Constitúe testemuña do patrimonio construtivo en granito e soporte da memoria colectiva local.

VALORES




DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES





DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

FICHA: PHA_23

ARQUITECTÓNICO TIPO: CIVIL SUBTIPO

ELEMENTO: CENTRAL ELÉCTRICA

NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUCTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: DEFICIENTE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: INDUSTRIAL

DETALLADO: PRODUTIVO

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Cómpre poñer en valor a volumetría orixinal, os ocos arqueados, a estrutura metálica e o uso divulgativo. Recoméndanse actuacións de conservación e consolidación.

POSTA EN VALOR

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA

COMARCA COSTEIRA: COSTA DA MORTE

CONCELLO: DUMBRÍA

SECTOR COSTEIRO: SEO DE CORCUBIÓN

UNIDADE DE PAISAXE: ESTEIRO DO XALLAS

PARROQUIA: O ÉZARO (SANTA UXÍA)

NÚCLEO / LUGAR: PENNA, A

REFERENCIA CATASTRAL: 15034A02900981

ZONA: SERVIDUME

X: 490108,00 Y: 4751153,00
COORDENADAS: U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Edificación industrial pertencente á tipoloxía de central hidroeléctrica, construída a mediados do século XX para o aproveitamento enerxético do encoro de Santa Uxía e vinculada ao conxunto hidroeléctrico do Ézaro. Actualmente acolle un centro de interpretación da electricidade. O edificio, de planta rectangular e cuberta a dúas augas con tella, presenta muros de formigón revocado e carpinterías metálicas. A composición de fachada responde a un esquema simétrico de ocos en arco de medio punto e xanelas circulares superiores. A estrutura é de muros portantes e cerchas metálicas. O estado de conservación é deficiente, observándose colonización biolóxica, perda de revocos e oxidación en elementos metálicos. A contorna mantén carácter semiurbano e integración paisaxística co val fluvial.

DESCRIPCIÓN

Volume rectangular dunha soa planta e cuberta a dúas augas. Fachadas enfuscadas en ton gris, con carpinterías metálicas e ocos en arco. Estrutura portante de formigón e ferro. Destacan os ocos circulares superiores.

EDIFICACIÓN

Parcela de xeometría regular e lixeira pendente cara ao río, con uso divulgativo e vinculación directa ao antigo complexo hidroeléctrico. Limitase mediante valado metálico e accédese por vía pavimentada.


PARCELA

Entorno semiurbano inserido no val do Xallas, con accesibilidade rodada e peonil. O conxunto destaca pola súa integración coa paisaxe fluvial e arborado autóctono. Alta coherencia ambiental e volumétrica.

ENTORNO

Valor histórico-industrial como testemuña da produción hidroeléctrica no século XX, así como valor social e identitario pola súa reconversión en centro interpretativo e pola súa integración na memoria colectiva da comarca.

VALORES




DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
FICHA	PHA_22
ARQUITECTÓNICO TIPO	CIVIL SUBTIPO
ELEMENTO	CENTRAL ELÉCTRICA
NIVEL DE PROTECCIÓN	ESTRUTURAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	DEFICIENTE
USOS ORIXINAIS	INDUSTRIAL
GLOBAL	PRODUTIVO
DETALLADO	

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Deben poñerse en valor a volumetría, as fábricas, os ocos simétricos e o sistema construtivo tradicional. Recoméndanse actuacións de conservación, consolidación e restauración, priorizando a lectura arquitectónica e funcional.

POSTA EN VALOR

47_004
CÓDIGO INVENTARIO

CENTRAL HIDROELÉCTRICA DE CASTRELO
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	COSTA DA MORTE
CONCELLO	DUMBRÍA
SECTOR COSTEIRO	SEO DE CORCUBIÓN
UNIDADE DE PAISAXE	ESTEIRO DO XALLAS
PARROQUIA	O ÉZARO (SANTA UXÍA)
NÚCLEO / LUGAR	PENA, A
REFERENCIA CATASTRAL	15034A02900981
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 490236,00 Y: 4751127,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Infraestrutura industrial da primeira metade do século XX, vinculada ao aproveitamento hidroeléctrico do río e ao conxunto da Ferverza do Ézaro. A edificación principal, de planta rectangular e tres alturas, presenta muros de carga de cachotería granítica revocada, zócolo de perpiaño e carpintarías metálicas. A cuberta é a dúas augas con tella cerámica curva. A composición da fachada principal responde a criterios de simetría e orde racionalista, con ocros rectangulares e molduras pétreas. O conxunto inclúe dependencias auxiliares e instalacións eléctricas exteriores. O estado de conservación é deficiente, observándose alteracións nos revestimentos, oxidación de elementos metálicos e fisuracións en zonas do basamento.

DESCRIPCIÓN

Volume prismático de tres plantas, proporcións verticais. Fachadas revocadas en branco con zócolo granítico. Carpintarías metálicas e madeira. Estrutura de muros portantes de cachotería. Porta monumental en pedra.

EDIFICACIÓN

Parcela de xeometría irregular adaptada á pendente natural do terreo, situada ao pé da Ferverza. Uso industrial vinculado á xeración eléctrica. Limitase con canles e instalacións técnicas, conectando mediante ramplas e escaleiras.

PARCELA

Entorno rural-industrial de alta integración paisaxística, dominado polo relevo do monte e o leito do río. Accesibilidade por vía secundaria. Valor ambiental e escénico elevado, coherente co conxunto hidroeléctrico histórico.

ENTORNO

Constitúe testemuño da primeira modernización hidroeléctrica. Posúe valor histórico-industrial, tecnolóxico e identitario, formando un conxunto singular pola súa implantación paisaxística e integración co patrimonio natural.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES

